

5922 *REAL DECRETO 499/2004, do 1 de abril, sobre reactivación de buques non inscritos no censo da frota pesqueira operativa, e a actualización de buques irregulares.* («BOE» 80, do 2-4-2004.)

A Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, prevé a reactivación de buques pesqueiros, non incluídos no censo da frota pesqueira operativa, fixando os prazos para solicitar e resolver os expedientes.

En consecuencia, é necesario articular o desenvolvemento da citada lei, o que se realiza mediante este real decreto, tendo en conta o establecido na Decisión 95/84/CE da Comisión, do 20 de marzo de 1995, relativa á aplicación do anexo do Regulamento (CEE) n.º2930/86 do Consello, polo que se definen as características dos barcos de pesca, que estableceu un prazo para a aplicación dos parámetros do Convenio de Londres a buques pesqueiros menores de 24 metros de eslora total.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprobou a existencia en buques pesqueiros de novas dimensións, arqueo, potencia e material de casco que poden alterar o esforzo pesqueiro, e dado que estas variacións, nalgúns supostos, poden supor un problema de índole social, é necesario implementar unha solución, limitada no tempo, coa finalidade de regular a situación rexistral de determinados buques pesqueiros da lista terceira do Rexistro de matrícula de buques, incluídos no censo da frota pesqueira operativa.

Este real decreto recolle, no seu capítulo I, a inclusión no censo da frota pesqueira operativa de buques da lista terceira, e regula o ámbito de aplicación, a tramitación, a regularización e as condicións para a devandita regularización e para a alta.

O capítulo II recolle a actualización das inscricións do censo de frota pesqueira operativa, regula o obxecto, as definicións, condicións e tramitación, e establece que a regularización dun buque pesqueiro se poderá levar a cabo unha soa vez na vida útil do barco.

O real decreto complétase co anexo relativo aos documentos para a alta da reactivación no censo e caderno censual.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de abril de 2004,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Inclusión de buques no censo da frota pesqueira operativa

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

Os propietarios ou armadores de buques construídos antes da entrada en vigor da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e pertencentes á lista terceira do Rexistro de matrícula de buques e compañías navais que non figuren incluídos no censo da frota pesqueira operativa, poderán

solicitar a súa reactivación no prazo máximo de seis meses contados a partir da entrada en vigor da citada Lei 62/2003, do 30 de decembro.

Artigo 2. Solicitudes.

1. O interesado dirixirá as solicitudes de reactivación dos buques ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e presentaranse na Secretaría Xeral de Pesca Marítima ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a elas deberáselle xuntar a documentación que figura no anexo deste real decreto.

2. Os armadores ou propietarios dos buques especificarán expresamente as augas onde solicitan realizar os labores de pesca, interiores, exteriores ou simultaneando ambas.

Artigo 3. Tramitación.

Unha vez presentada a solicitude, en caso de que o buque de que se trate vaia pescar en augas interiores, ou simultaneando augas exteriores e interiores, a Dirección Xeral de Estruturas Pesqueiras do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación solicitará informe á correspondente comunidade autónoma.

Artigo 4. Condicións.

1. Os buques deberán superar un recoñecemento por parte da Administración xeral do Estado en que se constate a evidencia de que tanto o buque como as artes de pesca son acordes co tipo de pesca que se pretende exercer. Igualmente, deberase comprobar que as características do buque reflectidas na folla de asento sexan coincidentes cos certificados de navegabilidade e arqueo, tanto nas dimensións como no material do casco e a potencia propulsora. Tamén se deberá verificar que sexa coincidente co buque en todos os termos.

2. No suposto de que as dimensións de eslora, manga, puntal, arqueo, potencia propulsora e material do casco coincidan coas reflectidas inicialmente na folla de asento do buque de que se trate, poderán ser incluídos no censo da frota pesqueira operativa, sempre que se cumpran todas as demais condicións recollidas neste capítulo. Para estes efectos, se a eslora non está definida na folla de asento, considerarase como eslora entre perpendiculares.

Se, pola contra, esas características non coinciden, pero o buque superou o recoñecemento extraordinario dos servizos de inspección marítima polo que se acrediten as condicións de frotabilidade e navegabilidade, de maneira que non se vexa comprometida a seguridade marítima, este considerarase irregular e poderase actualizar segundo o establecido no capítulo II.

3. Non poderán ser incluídos no censo da frota pesqueira operativa as embarcacións a remo ou a vela para pescar en augas exteriores. Así mesmo, as embarcacións con motor fóra borda unicamente poderán ser incluídas no censo coa limitación de non poder realizar actividades pesqueiras en augas exteriores a distancia superior a dúas millas da costa.

4. Unha vez regularizados, poderán ser incluídos no censo da frota pesqueira operativa, sempre que cumpran coas demais condicións establecidas pola normativa vixente, nacional e comunitaria.

Artigo 5. Alta.

1. Unha vez cumpridas todas as condicións e recibidos os correspondentes informes, os buques serán dados de alta provisional no censo da frota pesqueira operativa, mediante resolución da Dirección Xeral de Estructuras e Mercados Pesqueiros.

2. Transcorrido, como máximo, un ano desde a data da alta provisional, para que o buque pase a situación de alta definitiva no censo da frota pesqueira operativa, o armador deberá xustificar unha actividade pesqueira de, polo menos, 180 días ou un 70 por cento dos días autorizados cando se trate de pesquerías específicas reguladas pola súa propia normativa, a partir da data de alta provisional, por medio de certificación de despachos para a pesca e de vendas en lonxa ou establecemento autorizado pola comunidade autónoma. En caso de ausencia da devandita xustificación, a embarcación causará baixa definitiva no censo.

CAPÍTULO II**Actualización de buques irregulares****Artigo 6. *Ámbito de aplicación.***

De acordo co disposto no artigo 113 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, e no marco do procedemento establecido no devandito artigo, este capítulo ten por obxecto desenvolver as condicións e o procedemento aplicable para a emisión do informe favorable da autoridade pesqueira previsto no punto 1.3.^a do devandito artigo.

Artigo 7. *Condicións.*

1. Para a actualización de buques irregulares deberán achegar as unidades pesqueiras, de forma que compensen os incrementos de arqueo e potencia de acordo cos criterios aplicables á construción e modernización de buques pesqueiros establecidos no Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais.

2. Para estes supostos admitirase a achega, nun mesmo porto, dunha soa baixa para a regularización dun máximo de 10 embarcacións, sempre que a baixa achegada sexa do mesmo caladoiro que as embarcacións que se pretendan regularizar.

3. Non se considerará buque irregular aquela embarcación en que a variación exclusivamente de eslora respecto da que figura nas anotacións iniciais da folla de asento non supere unha variación de ata o 20 por cento. Para estes efectos, se a eslora non está definida na folla de asento, considerarase como eslora entre perpendiculares.

En ningún caso se poderán superar os 15 metros de eslora total aplicando a devandita variación.

Aos buques de máis de 15 metros de eslora non se lles aplicará esta excepción.

4. Os armadores ou propietarios de buques irregulares que non figuren no censo de frota pesqueira operativa deberán presentar a solicitude e achegar a documentación que figura no anexo deste real decreto, ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para poderen ser incluídos no citado censo unha vez regularizados.

5. A regularización dun buque pesqueiro poderase levar a cabo unha soa vez na vida útil do barco e non se poderán acoller a este real decreto aquelas embarcacións ou buques pesqueiros que xa se regularizasen anteriormente.

Artigo 8. *Tramitación dos expedientes.*

1. De acordo co disposto no artigo 113.1.3.^a da Lei 62/2003, do 30 de decembro, correspóndelles ás comunidades autónomas a emisión do informe previo favorable da autoridade pesqueira á Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

2. Para estes efectos, as comunidades autónomas, antes de emitiren o seu informe, deberán solicitar informe vinculante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre os aspectos relacionados coa competencia estatal.

Disposición adicional primeira. *Permanencia de actividade.*

Os buques que se reactiven ou regularicen segundo o disposto neste real decreto deberán permanecer activos de forma continuada e de alta no censo da frota pesqueira operativa polo menos dous anos para poderen ser achegadas como baixa.

Disposición adicional segunda. *Exclusión de medidas financeiras.*

Os armadores que se acollan a este real decreto non terán dereito a ningún tipo de medida financeira para lle facer fronte a esta reactivación ou regularización.

Disposición adicional terceira. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto no capítulo II deste real decreto, será de aplicación o capítulo III do Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima, sen prexuízo das competencias que en materia de ordenación do sector se lles atribúan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, dite as normas necesarias para o cumprimento e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de abril de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

I. A) IDENTIFICACIÓN DO ARMADOR ACTUAL (*persoa física ou xurídica que xestiona a actividade ou a explotación do buque. Se son varias pero non formaron sociedade, datos de quen a dirixe*)

Apelidos, nome / razón social

--

DNI / NIF

N.º inscrición Seg. Social

N.º Seguridade Social

--	--	--

DOMICILIO

BUQUE

ARMADOR

Rúa/praza e número

--

Localidade

Provincia

Código postal

--	--	--	--

TELÉFONO

FAX

--	--	--

Prefixo

Número

ASOCIADO A:

1 Confraría de: _____

2 Asociación de armadores de: _____

3 Cooperativa de: _____

4 Organización de produtores: _____

B) IDENTIFICACIÓN DO PROPIETARIO LEGAL DO BUQUE (*inscrito no Rexistro Mercantil ou, no seu defecto, na folla de asento, se é distinto do armador do punto anterior*)

Apelidos, nome/razón social	DNI / NIF

DOMICILIO

Rúa/praza e número

--

Localidade

Provincia

Código postal

--	--	--	--

TELÉFONO

FAX

--	--	--

Prefixo

Número

C) INSCRICIÓN NO REXISTRO MERCANTIL DO BUQUE (*se está inscrito, consignar os seguintes datos*)

Rexistro Mercantil de: _____

Libro _____ Folio _____ Folla _____

N.º inscrición _____

D) RÉXIME DE EXPLOTACIÓN DO BUQUE

(*marcar cun X o recadro correspondente*)

PROPIETARIO LEGAL DO BUQUE:

¿Está embarcado? 1 SI 0 NON

En calquera caso, se ten algunha titulación náutico-pesqueira, indíquea a continuación:

--

E) TIPO DE PROPIEDAD*(marcar cun X o recadro correspondente)*

- 1 PRIVADA INDIVIDUAL (unha soa persoa)
 2 PRIVADA COLECTIVA (varias persoas que non forman sociedade)
 3 SOCIEDADE PRIVADA
 4 COOPERATIVA
 5 CONFRARÍA
 6 PÚBLICA

II. IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO BUQUE*(as características técnicas do buque veñen indicadas na folla de asento)*

NOME DO BARCO _____

(Sen abreviaturas)

CÓDIGO _____ ,

DATA ÚLTIMO DESPACHO _____

PORTO BASE _____

DISTINTIVO DE AMURAS		DISTINTIVO DE CHAMADA	(**) ARQUEO (con dous decimais)	
(*) Matrícula	Folio	Sinal	TRB	GT

DIMENSIÓNS <i>(en metros con dous decimais)</i>			
Eslora total	Eslora P.P.	Manga fóra forros	Puntal

(*) Matrícula. Letras e número correspondente ao porto onde está matriculado o buque. Exemplo: SS-1 é a de Pasajes, VILL-3 a de Vilagarcía, HU-3 a de Huelva, TE-1 a de Tenerife, etc.

(**) Arqueo. Indicar sempre GT; o arqueo TRB, unicamente os buques que dispoñan deste dato.

ANO DE
CONSTRUCCIÓN

ESTALEIRO CONSTRUTOR *(nome ou razón social)*

--	--

LOCALIDADE

DATA DE ENTRADA EN SERVIZO.....

DATA INSCRICIÓN DEFINITIVA.....

PAÍS DE PROCEDENCIA

(se está construído no estranxeiro ou importado)

A) MATERIAL DO CASCO *(marcar cun X o recadro correspondente)*

- 1 MADEIRA
- 2 METAL
- 3 FIBRA DE VIDRO /PLÁSTICO
- 4 OUTRO *(indíquese cal)*

B) TIPO DE COMBUSTIBLE QUE UTILIZA O MOTOR PROPULSOR

(marcar cun X o recadro correspondente)

- 1 GASÓLEO 2 GASOLINA 3 OUTRO *(indique cal)*

CAPACIDADE DE
TANQUES

(indique a unidade de medida) 1 Metros cúbicos
2 Litros
(marcar cun X)

TIPO DE PROPULSIÓN

(marcar cun X o recadro correspondente)

- R SÓ REMOS
- F MOTOR FÓRA BORDA.....POTENCIA (en H.P.)
- M MOTOR A BORDO

*** C) MOTOR PRINCIPAL***(marcar cun X o recadro correspondente)*

- 1 É o motor orixinal
 2 Cambiouse Data do último cambio

O motor ten tara 1 SI 0 NON

Marca

Modelo

Ano de fabricación

N.º serie motor

(segundo placa fabricante)

* Só para buques con motor a bordo

1. POTENCIA MÁXIMA CONTINUA EN BANCO *(en CV)**(Potencia B.H.P., potencia ao freo)**(Se hai dous motores para propulsión principal, sumar ambos)***2. REVOLUCIÓNS MÁXIMAS POR MINUTO DO MOTOR****3. RELACIÓN DE REDUCIÓN***** D) POTENCIA DE MOTORES AUXILIARES** *(en CV)**** E) 1. VELOCIDADE MÁXIMA EN PROBAS** *(en nós = millas/hora)***2. AUTONOMÍA DO BUQUE** *(en millas)**** F) HÉLICES** *(tipo)**(marcar cun X o recadro correspondente)*

- 1 FIXA
 2 DE PAS REVERSIBLES
 3 CON TOBEIRA

G) TIPO DE BUQUE**1. ATENDENDO Á MODALIDADE E TÉCNICA DE PESCA PARA AS QUE O BUQUE OU EMBARCACIÓN ESTÁ ESPECIALMENTE CAPACITADO (marcar cun só X)****EMBARCACIÓNS DE PESCA****ARRASTREIROS**

- 1.1 ARRASTREIRO DE COSTADO (*peixe fresco*)
1.2 ARRASTREIRO DE POPA (*peixe fresco*)
1.3 ARRASTREIRO CONXELADOR
1.4 ARRASTREIRO FACTORÍA (*con equipamentos transformación*)
1.5 ARRASTREIRO DE TANGÓNS

CERQUEIROS

- 2.1 CERQUEIRO CON XARETA
2.2 CERQUEIRO ATUNEIRO
2.3 CERQUEIRO SEN XARETA

3.1 RASTREIRO (*Rastros remolcados*)

4.1 EMBARCACIÓN CON REDES DE IZADO

5.1 EMBARCACIÓN CON REDES DE ENMALLE

6.1 EMBARCACIÓN CON TRAMPAS (*nasas*)

* Só para buques con motor a bordo

EMBARCACIÓNS CON LIÑAS

- 7.1 EMBARCACIÓNS CON LIÑAS DE MAN
 PALANGREIROS
 PALANGREIROS ATUNEIROS
 EMBARCACIÓNS CON CANAS E LIÑAS
 CURRICANEIROS (*pesca á cacea*)

8.1 EMBARCACIÓNS CON BOMBAS DE ABSORCIÓN

- 9.0 ARTESANAL POLIVALENTE
9.1 EMBARCACIONES POLIVALENTES
(arrastreiro-cerqueiro con xareta ou outros)

EMBARCACIONES QUE NON PESCAN

BUQUES NUTRICES E FACTORÍA

- 10.1 BUQUE NUTRIZ
10.2 BUQUE NUTRIZ-FACTORÍA
10.3 BUQUE NUTRIZ CON PESQUEIROS A BORDO

- 11.1 TRANSPORTE DE PEIXE

- 12.1 BARCO HOSPITAL

- 13.1 EMBARCACION DE PROTECCION E VIXILANCIA

- 14.1 EMBARCACION DE INVESTIGACION

- 15.1 EMBARCACION DE CAPACITACION

EMBARCACIONES AUXILIARES LISTA CUARTA

- 16.1 DE ALMADRABAS
 DE BATEAS
 DE CULTIVOS MARIÑOS
 DE CERQUEIROS E OUTROS
 DE MARISQUEO A PÉ
 DE RECOLLIDA DE ALGAS OU CORAL
 ARTEFACTOS DEDICADOS AO CULTIVO OU ESTABULACION DE ESPECIES MARIÑAS

2. ATENDENDO Á ESPECIE QUE CAPTURA PRINCIPALMENTE (marcar cun X o recadro correspondente)

- 1 ANCHOA OU BOCARTE
2 ATUNEIRO E/OU BONITEIRO
3 BACALLAEIRO
4 CEFALOPODEIRO
5 MARISQUEIRO
6 DE PESCADA
7 SARDIÑEIRO
8 OUTRA (*indique cal*) _____
9 NON ESPECIALIZADO

III. CARACTERÍSTICAS OPERACIONAIS

A) TRIPULACIÓN (indicar o número de:)

- (1) CAPITÁNS OU PATRÓNS DE PESCA (incluído o capitán ou patrón do buque)
- (2) OFICIAIS DE PONTE
- (3) MECÁNICOS NAVAIS
- (4) RADIOTELEGRAFISTAS
- (5) ELECTRICISTAS NAVAIS
- (6) MOTORISTAS OU MECÁNICOS DE LITORAL
- (7) ESPECIALISTAS
- (8) MARÍNEIROS

B) ARTES E APARELLOS (indicar os máis utilizados, máximo tres)

(marcar con X o/s recadro/s correspondente/s. En caso de dúbida respecto ao nome da arte ou aparello, utilice as liñas de "OUTROS" indicando o nome).

ARRASTRE 1 Individual
 2 Parella

- 1 ARTES DE ARRASTRE DE FONDO
- 2 ARTES DE ARRASTRE SEMIPELÁXICO
- 3 ARTES DE ARRASTRE PELÁXICO

CERCO 3 Sen luces
 4 Con luces

- 1 ARTES DE CERCO CON XARETA
- 2 ARTES DE CERCO SEN XARETA

5.1 ARTES DE IZADO

ENMALLE

6.1 ARTES DE ENMALLE FIXAS (*trasmallo, volanta, rasco, etc.*)

6.2 ARTES DE ENMALLE DE DERIVA (*xeito, etc.*)

OUTRAS ARTES (*cales*)

7.1 _____

7.2 _____

LIÑAS E ANZOIS

- 8.1 CACEA OU CURRICÁN
- 8.2 CANAS CON CEBO VIVO
- 8.3 LIÑA, CORDEL E CANA MAN
- 8.4 PALANGRE DE FONDO
- 8.5 PALANGRE DE SUPERFICIE
- 8.6 POTEIROS
- 8.7 OUTROS (*cales*)

- 9.1 RASTROS REMOLCADOS

REDES DE COPO FIXAS E TRAMPAS

- 0.1 ALMADRABAS, MORUNAS, ETC.
 - 0.2 NASAS
 - 0.3 ALCATRUCES
 - 0.4 OUTROS (*cales*)
-

IV. EQUIPAMENTOS ESPECIAIS

(marcar cun X o/s recadro/s correspondente/s)

A) NAVEGACIÓN

- 1 RADARES
- 2 RADIO GONIÓMETRO
- 3 PILOTO AUTOMÁTICO
- 4 XIRO COMPÁS
- 5 HODÓMETRO
- 6 NAVEGACIÓN SISTEMA OMEGA
- 7 NAVEGACIÓN SISTEMA DECCA
- 8 NAVEGACIÓN SISTEMA LORAN
- 9 NAVEGACIÓN POR SATÉLITE

B) COMUNICACIÓN

- 1 TELEFÓNICA
- 2 TELEGRÁFICA
- 3 V.H.F.

C) EQUIPAMENTO DE DETECCIÓN DE PESCA

- 1 SONAR
- 2 SONDA
- 3 SONDADOR REDE
- 4 TELEDETECCIÓN

D) EQUIPAMENTOS AUXILIARES PARA A PESCA

- 1 EMBARCACIÓN AUXILIAR DE PESCA
- 2 HELICÓPTERO

E) EQUIPAMENTOS DE TRANSFORMACIÓN E MANIPULACIÓN**TRANSFORMACIÓN**

(número de toneladas/día que pode procesar)

_____ t/día CONXELACIÓN

_____ t/día FABRICACIÓN DE FARIÑAS

_____ t/día FABRICACIÓN DE ACEITES

MANIPULACIÓN

(número total de máquinas)

_____ MÁQUINAS DE FILETEAR, EVISCERAR, DESCABEZAR E OUTRAS

F) BODEGAS, TANQUES E VIVEIROS *(indique a capacidade en metros cúbicos)*

- (1) m³ CAPACIDADE DE ALMACENAXE DE XEO
- (2) m³ BODEGAS FRESCO
- (3) m³ BODEGAS REFRIXERADO
- (4) m³ BODEGAS CONXELADO
- (5) m³ TANQUES DE SALMOIRA
- (6) m³ VIVEIROS DE CEBO VIVO

G) EQUIPAMENTOS COMPLEMENTARIOS DE PESCA *(indique o número)*

- (1) GRUPOS ELECTRÓXENOS
- (2) BOMBAS DE PEIXE
- (3) GUINCHES
- (4) EQUIPAMENTOS LUMINOSOS
- (5) HALADORES *(powered block)*

IV. CALADOIROS E TIPO DE PESCA PARA A QUE ESTÁ AUTORIZADO POLA SECRETARÍA XERAL DE PESCA MARÍTIMA.

(marcar con X os recadros correspondentes ao caladoiro e tipo de pesca)

1) AUGAS ESPAÑOLAS

- 1 AUGAS EXTERIORES
2 AUGAS INTERIORES
3 AMBAS DE FORMA ALTERNATIVA

CALADOIROS

- E.1 CANTÁBRICO-NOROESTE
E.2 SURATLÁNTICO
E.3 MEDITERRÁNEO
E.4 CANARIAS

Tipos de pesca**Modalidades censadas**

- A.1 Arrastre de fondo
A.2 Cerco
A.3 Palangre de superficie
A.4 Palangre de fondo
A.5 Rasco
A.6 Volantas
A.7 Arte clara

Modalidades non censadas

- A.8 Trasmallo
A.9 Artes menores
A.0 Outras (*indicar cal*)
-

2) AUGAS CEE NON ESPAÑOLAS

- C.1 ZONAS Vb, VI, VII e VIII (FROTA DOS 300)

- A.1 Palangreiros maiores 100 TRB
A.2 Arrastreiros maiores 100 TRB

C.2 ZONAS VIIIa, b e d (GOLFO DE BIZKAIA)

- A.3 Sardiñeiros menores 100 TRB
- A.4 Palangreiros menores 100 TRB
- A.5 Caneiros-pincheiros menores 50 TRB
- A.6 Anchoa
- T.1 Anchoa para cebo
- T.2 Túnidos (boniteiros)

C.3 ZONAS VIIg, h, j e k (SUR INGLATERRA E IRLANDA)

- A.7 Palometa

PORTUGAL**C.4** NORTE DO PARALELO DE PENICHE

- P.1 Arrastre
- P.2 Palangre de superficie

C.5 SUR DO PARALELO DE PENICHE

- P.3 Arrastre
- P.4 Palangre de superficie

C.6 NORTE E SUR DO PARALELO DE PENICHE

- P.5 Curricán (boniteiros)

C.7 ACORDOS FRONTEIRIZOS

- A.1 Miño
- A.2 Guadiana

3) OUTROS CALADOIROS**CALADOIROS**

- R.1 MAURITANIA
- R.2 SENEGAL
- R.3 GAMBIA
- R.4 GUINEA-BISSAU
- R.5 GUINEA-CONAKRY
- R.6 GUINEA ECUATORIAL
- R.7 SAN TOMÉ E PRÍNCIPE
- R.8 ANGOLA

- R.9** NAMIBIA
R.0 SUDÁFRICA
S.1 MOZAMBIQUE
S.2 COMORES
S.3 SEICHELES
N.1 N.A.F. O.
N.2 USA (caladoiro de Boston)
N.3 SVALBARD
N.4 NORUEGA
X.1 OUTRO CALADOIRO (indique cal)
-

Tipos de pesca

- A.1** Arrastreiros cefalopodeiros
A.2 Arrastreiros conxeladores
A.3 Arrastreiros marisqueiros
A.4 Arrastreiros de pescada
A.5 Arrastreiros pescada negra
A.6 Atuneiros caneiros
A.7 Atuneiros cerqueiros conxeladores
A.8 Bacallaeiros
A.9 Palangreiros de superficie
-

DATA DE ENTREGA

SINATURA DO ARMADOR

Selo de entrada